

CUESTIONARIO AUDICIÓN BERTO ÁLBUM “VIAXE AO ESPAZO INTERIOR”

1. TÍTULO ÁLBUM. XERAL.

- Explica o título do álbum. ¿Por que se titula *Viaxe ao espazo interior*?, ¿por que fala dunha viaxe?, ¿de que tipo de viaxe se trata?, ¿cal é o destino da viaxe?, ¿que é iso do *espazo interior*?, ¿a que se refire?, ¿quen é o viaxeiro?
- ¿Como está estruturado ou organizado o álbum?, ¿a que recorda a súa estrutura?, ¿por que cres que o autor escolleu este formato para dispor as cancións do álbum?
- *Viaxe ao espazo interior*, ¿é unha biografía ou unha autobiografía?, ¿quen conta?, ¿que se conta?, ¿que pasa ou que lle pasa ao narrador ou contador?, ¿pensas que é realidade ou ficción, ou un pouco de ámbalas dúas cousas?

2. ANÁLISE TÍTULOS E LETRAS CANCIÓNS.

- **Capt. 2 Carta a min Mesmo.** ¿A quen se dirixe esta carta?, ¿quen a escribe e envía?, ¿quen é ese *ti* do que se fala?
- **Que sintes. Capt.3 Estrela Fugaz.** ¿Que sinte?, ¿quen o sinte?, ¿que pasa ou que lle pasa?, ¿de que fuxe?, ¿que busca ou agarda?
- **Interludio. Capt. 4 Universo Paralelo.** ¿Quen lle fixo chorar?, ¿a que se refire co *universo paralelo*?
- **Tentando Escapar. Capt. 5 Viaxe Estelar.** Escapar: ¿de que?, ¿de quen?
- **Atmosfera. Capt. 6 (Sen O2 pra min).** ¿A quen se dirixe cando di *con tal de non verte aquí, con tal de estar sen ti*?, ¿a que lugar quere viaxar?, ¿onde quere ir?
- **Paroxetina en marte. Capt. 8 Aceptarse no Inferno.** ¿Quen debe aceptarse?, ¿aceptar que?, ¿que ou quen é ese inferno do que se fala?
- **O rapaz do espello. Capt. 9 Epílogo.** ¿Quen é o rapaz do espello?, ¿que se dí del?, ¿como é?
- **Lentamente vai pasar. Capt. 11 Medo a voltar Atrás.** ¿Que é aquilo que vai pasar?, ¿de que se ten medo?, ¿por que?, ¿a quen se dirixe a canción?